

RESOLUCIÓN DO 3 DE SETEMBRO DO 2026, DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DESIGNADA PARA O PROCESO SELECTIVO REF.PER.-2026/04, POLA QUE SE CONVOCA A PROBA DE ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO.

En sesión que tivo lugar o 3 de setembro do 2026, a Comisión de Selección designada ao efecto para cualificar o proceso selectivo polo sistema de concurso para a contratación de persoal para a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, e de conformidade coas bases da convocatoria que rexen o proceso, **ACORDOU:**

Único.- Convocar á candidata MARTA SÁNCHEZ BEN-TAIBI para a realización da proba de acreditación do coñecemento do galego prevista nas bases para aqueles/as candidatos/as que non poidan acreditálo mediante o título Celga 4, que terá lugar nas instalacións da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne o martes 8 de setembro ás 12:00 horas.

Esta proba consistirá na resolución dun cuestionario de 30 preguntas tipo test con catro respostas alternativas das cales só unha será a correcta, que será o resultante do sorteo entre dous cuestionarios previamente elaborados pola Comisión de Selección. A efectos da puntuación teranse en conta as seguintes normas:

- Por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha correcta.
- As respostas en branco non puntuán.
- As dobres respostas e as que non estean claras consideraranse incorrectas.

A proba será cualificada como apta ou non apta, sendo necesario obter un mínimo de 20 respostas correctas para obter a cualificación de aptitude. No caso de ser non apta, o candidato/a quedará excluído/a.

Ao remate do exercicio, cada aspirante poderá obter copia das respostas do seu cuestionario. As respostas correctas do cuestionario faranse públicas no lugar de realización da proba, no taboleiro de anuncios da Fundación e na páxina web da Fundación, no prazo das vinte e catro horas seguintes á realización da proba.

A Comisión de Selección concederá un prazo de dous (2) días dende a publicación das respostas correctas do cuestionario para a formulación de reclamacións por parte dos/as aspirantes. Transcorrido o anterior prazo de reclamacións, a Comisión de Selección publicará ao día seguinte o resultado definitivo, e continuará co proceso selectivo.

San Cibrao das Viñas, 3 de setembro do 2026.

O presidente da Comisión de Selección



Cástor José Rivero Martínez